



Concello de Vigo

D^a. M^a JESÚS LAGO REY, CONCELEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do **30 de decembro de 2011**, adoptou o seguinte acordo:

7.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA AVDA. RAMÓN NIETO – FASE II. EXPTE. 1062/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do secretario da Mesa de Contratación, do 27.12.11, e a proposta do xefe de Área de Fomento, do 28.12.11, conformada polo concelleiro da Área de Fomento, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Adxudicar á mercantil **HIDROMIÑO S.L.** o procedemento aberto para a contratación **DAS OBRAS DE HUMANIZACION DA AVENIDA DE RAMON NIETO FASE II,(EXPTE. 1062-440)** por un prezo total de 1.350.000,24 euros, con un prazo de garantía de 60 meses, unha aportación ao control de calidade do 4% e unha aportación para a execución de melloras de 37.500 euros.

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

2º.- En relación á baixa ofertada pola empresa adxudicataria, apróbase a seguinte adecuación das anualidades para financiación deste proxecto:

1062/440	Humanización rúa Ramón Nieto. Fase II	licitación	1.500.000,00 €
		adxudicación	1.350.000,00 €

Nova distribución de anualidades:

	2011	2012	2013
Inicial	187.394,96 €	1.312.605,04 €	- €
Proposta	187.394,96 €	1.162.605,04 €	- €

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a trinta de decembro do ano dous mil once.



V. e Pr.
O ALCALDE,

Abel Caballero Alvarez.